

## ACTUACIÓN DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2017

**MULTIPLICACIÓN DAS VARIETADES AUTÓCTONAS DE TRIGO “CALLOBRE” E “CAAVEIRO”.  
12/15/011/070417/003.**

### Informe de Actuación en 2017

#### Antecedentes

Desde 1996, o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, dependente da Consellería do Medio rural, ven traballando na recuperación do trigo galego, a petición da Federación Galega de Panaderías (FEGAPAN), para “chegar a dispor dunha produción importante, estable e organizada dunha ou máis variedades de trigo galego, con garantía de autenticidade varietal, coas que abordar a fabricación dun pan galego de alta calidade, e evitar o actual deterioro do mercado, ocasionado pola introdución de fariñas de trigo supostamente galego, pero que non deixan de ser burdas imitacións conseguidas mediante técnicas de moenda”. Con ese obxectivo, rexístrase a primeira variedade de trigo galego (“Callobre”), no ‘Registro de Variedades Comerciais’ do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (Orden APA/2749/2006, de 24 de agosto de 2006, BOE nº 214, de 7 de setembro de 2006). Posteriormente, fíxose o rexistro da variedade de trigo galego ‘Caaveiro’ (Orden AAA/678/2014, de 14 de abril de 2014, BOE nº 93, do 18/04/2014. Estas dúas variedades atópanse almacenadas no Banco de Xermoplasma de cereais de inverno do CIAM (xunto con 200 ecotipos de trigo autóctonos), e son moi apreciadas polos panadeiros, xa que ten a mesma calidade de gran que os ecotipos autóctonos tradicionais que estiveran utilizando nas súas mesturas desde hai moitas décadas para facer o pan galego artesán.

Para que estas variedades chegaran ás panaderías, estableceuse un itinerario de transferencia do trigo desde o CIAM ata os panadeiros. Da creación deste itinerario ocupouse a empresa Calfensa Proyectos. Este programa empezou ca produción de 15 t no ano 1998, da variedade precursora de Callobre, para chegar a 300 t en 2013 da variedade rexistrada ‘Callobre’. Tamén se creou en 2004, por Calfensa Proyectos, a Asociación de Produtores de Trigo Callobre (APROCA), con sede en Xinzo de Limia (Ourense). Os agricultores de APROCA son os que producían o gran de ‘Callobre’ que despois chegaba aos panadeiros en forma de fariña. Actualmente non existe ningunha empresa produtora multiplicadora de semente de cereais en Galicia, e APROCA non está operativa. Co que o itinerario de transferencia non funciona hoxe en día, para que o gran chegue as panaderías galegas.

Finalmente, logo de moito traballo feito polo CIAM-INGACAL, redáctase un prego de condicións acordado con FEGAPAN e a Subdirección Xeral de Industrias e Calidade Agroalimentaria, que será o xerme da I.X.P Pan Galego. En decembro de 2015, a Consellería do Medio Rural publica a solicitude de inscrición no rexistro comunitario da indicación xeográfica protexida Pan Galego/Pan Gallego, con fin de valorizar dito produto e tratar de evitar fraudes, xa que se estaba a ver que fora de Galicia se comercializa pan que non leva trigo autóctono, nin se produce da mesma forma que o Pan Galego, debido a fama que ten dito pan. Segundo o Documento Único da I.X.P Pan Galego publicado, para

que un pan sexa considerado Pan Galego, entre outras moitas características, ten que levar como mínimo un 25% de fariña procedente de variedades de trigo galego, entre as que se inclúen o Caaveiro e o Callobre.

Para que os esforzos anteriores non foran en balde, e coñecendo o incremento da demanda destes trigos necesarios para a fabricación de pan amparados pola I.X.P Pan Galego nos vindeiros anos, o CIAM-INGACAL ten que incrementar a produción de semente certificada das variedades “Callobre” e “Caaveiro”.

### **Labores de cultivo**

Para as sementeiras das variedades Callobre e Caaveiro, deste ano, para conseguir semente R1 certificada, se destinaron 25 ha dos predios do CIAM (16 ha da variedade Caaveiro e 9 da variedade Callobre).

Neses predios se fixeron en inverno as seguintes labores: un primeiro laboreo de pase de arado de vesco, unha aplicación de abonado de fondo co complexo 8-15-15 (de 350 a 500 kg/ha, según parcelas), un segundo laboreo para a preparación da cama de sembro e enterrado dos abonos con arado de disco, e posteriormente a sementeira de semente base certificada de trigo Callobre e Caaveiro, a unha dose media de 110 kg/ha. Posteriormente se aplicou o herbicida (2 L de clortoluron 40% + diflufenican 2,5%, e 20g de clorsulfuron 75%) para control das malas herbas. Na metade da superficie, o 22 de marzo se aplicou 125kg/ha de abono de cobertura (nitrato amónico cálcico 27%) para suplir deficiencias de nitróxeno. Para o control de enfermidades foliares se aplicou en maio en parte das parcelas 1,6 L do fungicida Procloraz 26,7% + Tebuconazol 13,3%. Aínda que a evolución do cultivo foi boa en outono e inverno, a primavera tivo unhas temperaturas entre 1,5-3°C superior a media de 38 anos, e a chuvia en abril foi baixísima, polo que afectou ó rendemento do cultivo. O 29 de maio, xa co trigo espigado, prodúcese unhas chuvias de 30 litros de auga que provocan o encamado de parte do trigo (20-60%, según parcelas). Por todo isto non foi un ano bo na colleita de trigo, aínda así obtívose unha media de rendemento por hectarea de 2.300 kg.

### **Colleita, tratamento e certificación do trigo en 2017**

En agosto de 2017, unha vez obtido ó punto óptimo de secado do grao (< 13% de humidade), contratouse a realización da colleita de 25 ha de semente certificada das variedades “Caaveiro” e “Callobre”. Toda esta semente transportouse ao almacén de Bos (Guisamo), onde se separaron en dous montóns, á espera de ser limpados e tratados con fungicidas de protección da semente.

Tódalas sementes se pasaron polo tren de limpeza do almacén de Bos, que o compoñen as seguintes máquinas: limpadora de cribas e aspiración, triarvejón, mesa densimétrica, inxector de tratamento e ensacadora (ver foto 1).

O tratamento feito a semente consta dun fungicida (tebuconazol), e un insecticida (metilclorpirifos). Tódolos sacos se paletizan en palets de 1.000 kg de semente, para poder transportarllos (ver foto 2).



Foto 1. Maquinaria de limpeza



Foto 2. Sacos certificados e paletizados

Toda a semente tratada ten que certificarse, para o que se fai un Acta de precintado da semente polo Servizo de Sanidade e Produción Vexetal (ver foto 3), que lle confire a dita semente a trazabilidade, ademais de que sirve para recoller unhas mostras (ver foto 4) as que se fan unhas análises (na Estación de Semillas y Plantas de Vivero, do INIA) para saber a súa pureza, poder xerminativo, e posible contaminación con malas herbas. Se a semente cumpre cos requisitos, será válida para posteriores multiplicacións e venta ó mercado.

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL SERVICIO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEXETAL		SEMENTES DE TRAZABILIDADE		6/2017
ANÁLISES DE CALIDADE B.O. 60441/10 A. CAVEIRO		2011		2017
1	211	28480	712	6-17-00282350
	212	6680	167	6-17-00283061
				6-17-00282124
				6-17-00282290
		Triticum aestivum "CAVEIRO"		
		Triticum aestivum "CALLOBRE"		
				Galicia, a 21 de setembro de 2017 [Signature]

Foto 3. Copia da Acta de certificación de Calobre e Caaveiro 2017



Foto 4. Mostras recollidas na Acta de certificación 2017

Nesta campaña 2016-17 conseguíronse certificar as seguintes cantidades de semente: 28.480 kg de semente certificada R1 da variedade Caaveiro e 6.680 kg semente certificada R1 da variedade Callobre (ver foto 4)

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

NORMA C.E.E ESPAÑA

---

SEMENTE CERTIFICADA R-1 / SEMILLA CERTIFICADA R-1

Deste lote, a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, tomou unha mostra no almacén durante as operacións de precintado. A mostra permanece debidamente conservada por un prazo superior en doce meses á validez do precintado.

Especie: *Triticum aestivum*  
 Variedade: *Caaveiro*  
 Nº de lote: 1  
 País de produción: España  
 Productor – nº Rexistro : ES11150661  
 Data de precintado: 21/09/2017  
 Peso declarado: 40 kg

G-17-00282350

Foto 4. Etiqueta de semente certificada

Como a finalidade última deste proxecto e aumentar a cantidade de semente da variedade Callobre e Caaveiro no mercado, e para que chegue as panaderías, temos que repartir a semente da seguinte forma.

Parte da semente certificada producida en 2017 se destinará a multiplicala en R2, no seguinte ano, e a outra parte (o excedente) destinarase a produtores e empresas para que aumente a produción de grao en 2018, e exista mais fariña de Callobre e Caaveiro nas panaderías.

O Investigador

O Director do CIAM

Luis Urquijo Zamora

Manuel López Luaces

Abegondo, 22 de novembro de 2017